



# Parque Natural Las Batuecas-Sierra de Francia. “Laurisilvas e desfiladeiros do Sistema Central Ibérico. Os Conxuntos históricos.”

**9, 10, 11, 12 de abril**

## PROGRAMA

### Xoves 9

9h. **Partida.** O punto de encontro será Pontearreas; saída 294 da A52.

15h. **Ruta “Os Bosques de érbedos e acivros”**

Ruta circular      Lonxitude, 6km      Altitude, 600m-700m      Dificultade, baixa

Esta ruta supón o primeiro contacto co Parque Natural e ofrece un treito fermoso de tres quilómetros que nos presentará as laurisilvas, preámbulo das que atoparemos a medida que coñezamos este dilatado territorio.

Será un paseo agradábel no que salientan os bosques de acivros, érbedos e restos relitos de carballeiras atlánticas.

19h. **Hospedaxe** no Albergue Juvenil La Legoriza, San Martín de Castañar.

### Venres 10

9,30h **Ruta “A Fervenza das Batuecas”**

Ruta linear      Lonxitude, 11km      Altitude 495-900m      Dificultade, moderada-alta

Unha grande emoción. A ruta máis completa do Parque Natural.

Deberemos ter os sentidos preparados para recibirmos un elo concatenado de masas boscosas, ás veces pequechas selvas, sen transición.

Desde o Mosteiro das Batuecas, o bosque sombrizo de durillos nas zonas térmicas dá paso aos retortos erbedados; a medida que gañamos altitude e apreciamos os farallóns, as engrobas, aparece, entre os bosques de aciñeiras pendurados das penedías, a cabra montesa mantendo un equilibrio brillante. E no alto, o voitre leonado.

Logo, bosques de sobreiras cara ao sur, bosquetes de xenebreiros no alto e en chegando ao fin, a emperiquitada fervenza das Batuecas con pano de fondo vermello de óxido de ferro. E, entrementes, poderemos gozar das pinturas rupestres esquemáticas e naturalistas. Para non perdermos..

16h. **Visita á Aula Arqueolóxica e Casa do Parque.**

Dados os vinte abrigos rupestres do Parque Natural declarados Bens de Interese Cultural,

a visita complementa o coñecemento do territorio. A Cultura do Neolítico e a súa arte así coma unha réplica dun dos abrigos forneceron de información sobre a xeoloxía e a expresión das incipientes sociedades deste confuso período.

17h. **Descanso. La Alberca, Mogarraz, Miranda del Castañar, Mogarraz, Sequeros, Villanueva del Conde. Conxuntos históricos do Parque Natural. Próxima, Ciudad Rodrigo.**

## **Sábado 11**

10h. **Ruta “O Camiño dos Prodixios”**

Ruta circular      Lonxitude, 12km      Altitude, 550m-900m      Dificultade, moderada

En Miranda do Castañar, mestúranse os bosques e a expresión humana próxima no tempo.

O Camiño dos prodixios amosa obras sorprendentes inseridas en novas masas boscosas. Preséntanse as obras entre os encantadores e escasos bosques de caxigos, cuxa continuidade usurpa un dilatado e enmarañado erbededo até Villanueva del Conde.

A partir de acó, a mudanza ecolóxica e a luz dun paseo entre reboleiras de pequeno porte e o medio agrario, reduce o ritmo biolóxico até chegarmos ao rumoroso río Francia é á fermosa Miranda del Castañar.

16h. **Visita guiada a Miranda del Castañar, Conxunto histórico.**

Un paseo polo casco histórico de Miranda del Castañar, permite coñecer a Alhóndiga (casa pública onde se pesaba e arrombaba o gran), o castelo, a muralla, a Casa del Escribano, a Ronda Nocturna, a Carnicería Real,.. Historia dunha poboación que sobrancea acomodada nun alto outeiro.

17h. **Descanso. Opcións de visita, La Alberca, Mogarraz, Mogarraz, Sequeros, Villanueva del Conde. Conxuntos históricos do Parque Natural. Próxima, Ciudad Rodrigo.**

## **Domingo 12**

10h. **Paseo “Meandro El Melero”, Las Hurdes.**

Na Comarca das Hurdes, o río Alagón no seu curso baixo consegue, pola erosión, crear un gran meandro, estrema entre Salamanca e Cáceres, cun impacto paisaxístico notorio. Unha escena.

13h. **Partida.**